
Celebrado no CESGA o Seminario "Sistemas de Seguridade, un paso necesario"

- Actualizado (26.09.2005)

O 28 de setembro o CESGA en colaboración coa enxeñería de sistemas Kern Datanet S.A. ofreceron o seminario «Sistemas de Seguridade, un paso necesario». As conclusións deste seminario foron meridianas; As institucións e empresas con sistemas conectados á rede deben ser conscientes e analizar detalladamente os posibles riscos, deseñar políticas e estratexias preventivas e implantar sistemas de seguridade que garantan a permanente dispoñibilidade, accesibilidade e integridade dos seus datos.

Ao acto acudiron máis de setenta representantes de empresas e institucións galegas.

Dado o alto interese do tema a tratar, este seminario foi transmitido pola RECETGA mediante videoconferencia e a través de Internet por MBONE.